	<p>conversas informais cunha pronuncia comprensible cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.</p>	<p>cunha pronuncia comprensible cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta</p>				<p>alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais.</p>	<p>CCEC CSC</p>
--	--	---	--	--	--	---	---------------------

PLE-B2.6	2º-PLEB2.6 - Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas do seus compañeiros e das súas compañeiras.	Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas do seus compañeiros e das súas compañeiras.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais.</p>	CCL CD CCEC CSC
----------	---	--	---	---	---	---	-----------------------

PLE-B2.7	<p>2º-PLEB2.7 - Toma parte nunha conversa formal ou entrevista moi sinxela de carácter educativo ou ocupacional moi habitual e traballado previamente, intercambiando información suficiente e básica de carácter persoal e sobre hábitos, gustos ou estudos, preguntando sobre problemas prácticos e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita, e se o interlocutor coopera, falando amodo e con claridade, repetindo ou reformulando.</p>	<p>Toma parte nunha conversa formal ou entrevista moi sinxela de carácter educativo ou ocupacional moi habitual e traballado previamente, intercambiando información suficiente e básica de carácter persoal e sobre hábitos, gustos ou estudos, preguntando sobre problemas prácticos e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita, e se o interlocutor coopera, falando amodo e con claridade, repetindo ou reformulando.</p>			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais.</p>	<p>CCL CD CCEC CSC</p>
----------	---	--	--	--	---	---	--------------------------------

PLE-B3.1	2º-PLEB3.1 - Segue, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, así como instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, manexo dun	Segue, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	CCL CAA CSC CCEC CD
	móbil ou prevención de riscos nunha excursión).						
PLE-B3.2	2º-PLEB3.2 - Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo e ocupacional moi básico.	Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese,	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Cuestionario pechado.</p>	CCL CAA CSC CCEC CD

PLE-B3.3	2º-PLEB3.3 - Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas, ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte	Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas, ou do seu interese	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Cuestionario pechado.</p>	CCL CAA CSC CCEC CD
	ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.						

PLE-B3.4	2º-PLEB3.4 - Comprende correspondencia persoal en calquera formato e en rexistro estándar na que, de xeito sinxelo e básico, se fale de si mesmo/a; se describan persoas, obxectos e lugares; se narren acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios; se expresen sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	Comprende correspondencia persoal en calquera formato e en rexistro estándar na que, de xeito sinxelo e básico, se fale de si mesmo/a; se describan persoas, obxectos e lugares, se narren acontecementos pasados, presentes e futuros, reais	X	X		<p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Cuestionario pechado.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
PLE-B3.5	2º-PLEB3.5 - Entende información básica de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un curso de idiomas ou unha compra por internet).	Entende información básica de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional			X	<p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Cuestionario pechado.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>

PLE-B3.6	2º-PLEB3.6 - Comprende con fluidez textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel.	Comprende con fluidez textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel			X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas de comprensión escrita</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>
PLE-B4.1	2º-PLEB4.1 - Utiliza estratexias que faciliten o proceso de escritura: segue modelos de textos de características similares, planifica o texto, elabora un borrador, corrixe tanto a ortografía como a orde das ideas e das palabras, etc.	Utiliza estratexias que faciliten o proceso de escritura: segue modelos de textos de características similares, planifica o texto, elabora un borrador, corrixe tanto a ortografía como a orde das ideas e das palabras, etc.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>
PLE-B4.2	2º-PLEB4.2 - Escribe textos moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos moi coñecidos e habituais no ámbito educativo, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares.	Escribe textos moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos moi coñecidos e habituais no ámbito educativo, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>

PLE-B4.3	2º-PLEB4.3 - Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións.	Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións.	X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
PLE-B4.4	2º-PLEB4.4 - Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese persoal, ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e facilmente comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén cando se utilizan as redes sociais.	Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese persoal, ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e facilmente comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén cando se utilizan as redes sociais.	X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>

PLE-B4.5	2º-PLEB4.5 - Escribe	Escribe correspondencia persoal			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos	CCL
	correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información sobre si mesmo/a e a súa vila (por exemplo), se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais (por exemplo, unhas vacacións), se dan instrucións sinxelas, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo.	na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, se dan instrucións sinxelas, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións e se expresan opinións de xeito sinxelo.				alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CAA CSC CCEC CD
PLE-B4.6	2º-PLEB4.6 - Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.	Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CCL CAA CSC CCEC CD

PLE-B5.1	2º-PLEB5.1 - Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas	Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula facéndose	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.	CCL CAA CSC
	intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións con diversos fins comunicativos, facéndose comprender, producindo con suficiencia discriminativa trazos fonéticos significativos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e recoñecendo e producindo comprensiblemente patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	comprender.				INSTRUMENTOS: Producións orais.	CCEC CD

PLE-B5.2	2º-PLEB5.2 - Escribe cun dominio ortográfico suficiente para facer comprensible os textos, sen cometer erros moi básicos sobre as regularidades ortográficas máis relevantes.	Escribe cun dominio ortográfico suficiente para facer comprensible os textos, sen cometer erros moi básicos.		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos.</p>	CCL CAA CSC CCEC CD
PLE-B5.3	2º-PLEB5.3 - Utiliza as convencións básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo	Utiliza as convencións básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais.</p>	CCL CAA CSC CCEC
	desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.)						CD

PLE-B5.4	2º-PLEB5.4 - Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, de ser o caso, do resto do alumnado, e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.	Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, de ser o caso, do resto do alumnado, e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p>	CCL CAA CSC CCEC CD
PLE-B5.5	2º-PLEB5.5 - Nas actividades de aula utiliza, para a comprensión e a elaboración de textos, o coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfolóxicos, sintácticos e discursivos, así como os procesos de realización das actividades	Nas actividades de aula utiliza, para a comprensión e a elaboración de textos, o coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfolóxicos, sintácticos e discursivos.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Cuestionario aberto.</p>	CCL CAA CSC CCEC CD
	lingüísticas de comprensión e produción.						

PLE-B5.6	2º-PLEB5.6 - Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e partextuais).	Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais.</p>	CCL CAA CSC CCEC CD
PLE-B5.7	2º-PLEB5.7 - Coñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.	Coñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p>	CCL CAA CSC CCEC CD
PLE-B5.8	2º-PLEB5.8 - Participa en proxectos (elaboración de	Participa en proxectos (elaboración de carteis) nos que se utilizan	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p>	CCL CD CAA

	materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	varias linguas e relacionados cos elementos transversais.			INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CD
--	--	---	--	--	-------------------------------------	------------

Según a información facilitada pola profesora que impartiu 1º da ESO o curso 2019 – 2020 os estándares de aprendizaxe non adquiridos no terceiro trimestre do curso 2019 – 2020 desenvolveranse ao logo do presente curso dende un enfoque competencial.

Na primeira avaliación traballaranse catro unidades: Getting Started, unidade 1, unidade 2 e unidade 3.

Na segunda avaliación os temas traballados son tres: unidade 4, unidade 5 e unidade 6.

Na terceira avaliación traballaranse tres unidades: unidade 7, unidade 8 e unidade 9.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Procedementos de avaliación

Nos primeiros días do curso académico realizarase unha avaliación inicial para coñecer o nivel dos nosos alumnos avaliando tanto a capacidade de expresión oral como a comprensión.

Avaliarase o interese, o esforzo e a participación activa na aula, ademais do traballo diario, tanto dentro da aula como o que o alumno realiza na casa .

Teranse en conta tanto as habilidades coma as dificultades de cada alumno. Valorarase o comportamento dos alumnos cara os compañeiros e o profesor.

Haberá, alomenos, dous exames escritos e un oral en cada trimestre que avaliarán as distintas destrezas incluíndo gramática, léxico, expresión escrita, comprensión lectora, comprensión oral e pronunciación, expresión escrita e expresión oral.

En ningún momento a avaliación pode equipararse cos resultados dos exames exclusivamente xa que é fundamental nesta etapa avaliar o bloque de comunicación oral, así como a reflexión sobre a lingua e o compoñente sociocultural.

A cualificación final non será necesariamente o resultado da media aritmética das notas obtidas ao longo do curso, senón dunha media ponderada dos resultados obtidos. O profesor tomará como referencia a temporalización desta programación, así como o grao ao que se abarquen os obxectivos e contidos da mesma e, por suposto, as características e circunstancias de cada grupo.

A avaliación servirá para que o alumno, o grupo e o profesor reflexionen sobre a aprendizaxe.

Instrumentos de avaliación

Os instrumentos de avaliación que se utilizarán son os seguintes:

- Probas escritas e probas orais.

Realizaranse, como mínimo, dúas probas por trimestre nas que se avaliarán todas as destrezas lingüísticas: *listening*, *speaking*, *reading* e *writing*. A cualificación outorgada a cada exercicio aparecerá especificada na proba.

Características das probas

- A técnica da proba non será descoñecida: realizaranse con anterioridad ás probas exercicios similares na aula.

- As probas deben ser contextualizadas: nunha proba oral daranse orientacións sobre as situacións nas que se desenvolve a conversa e nunha proba escrita o profesor explicará previamente as tarefas a realizar.
- En cada avaliación entrarán todo o traballado desde o comenzo de curso.

As **probas escritas** constarán, das seguintes partes:

- Exercicios gramaticais, de tradución, ditado, pronunciación e vocabulario.
- Expresión escrita: redacción de cartas ou *e-mails*, escribir diálogos, descrições, composicións sobre temas traballados na aula, biografías.
- Audición dun tema relacionado co explicado na aula con exercicios de elección múltiple, completar frases ou preguntas para ser contestadas. A audición escoitarase dúas veces.
- Un texto relacionado cun tema tratado na clase e adaptado ao nivel dos alumnos con preguntas para ser contestadas, discriminar afirmacións identificando as verdadeiras e as falsas, localizar información, encher ocos ou outros exercicios que permitan avaliar a súa comprensión lectora.

As **probas de expresión oral** poderán consistir en preguntas de tipo xeral que se formularán ao alumno en relación cos temas tratados na aula, en actividades realizadas en parellas que permitan valorar a interacción entre compañeiros ou en lecturas seleccionadas de material non descoñecido para os alumnos tales como o seu libro de texto, o *workbook* ou libros de lectura se os houbera, e posteriormente preguntas sobre o lido ou relacionadas co tema.

- Os *cadernos persoais* do alumno desempeñan unha función similar. Valoraranse factores tales como a boa presentación, a realización e puntual entrega daquelas tarefas que os alumnos non realicen no *workbook*, actividades complementarias ou de repaso asignadas polo profesor, etc.

A información recollida polo profesor permitiralle detectar os problemas e procurar as solucións pertinentes no momento adecuado.

Procederase a un seguimento diario das actividades realizadas na clase, fundamental para verificar e controlar os coñecementos e actitudes dos alumnos e para comprobar se acadaron os obxectivos fixados. Para iso é preciso revisar periodicamente todo o explicado anteriormente.

Crterios de cualificación

Cualificación das probas

Nas probas aplicarase o seguinte baremo:

Listening	10 %
Reading	10%
Writing	10%
Vocabulary and grammar	50%
Speaking	10%
Diario de clase	10 %

Haberá como mínimo dúas probas escritas e unha proba oral en cada trimestre.

Cualificación final

A avaliación será continua, as probas escritas e orais realizadas ao longo do curso serán valoradas nunha media ponderada distribuída do seguinte modo: a nota da primeira avaliación suporá un 20% da nota final do curso, a nota da segunda avaliación suporá un 30% da nota final do curso e a nota da 3º avaliación suporá un 50% da nota final do curso, por entender que nun sistema de avaliación continua e nunha materia na que a adquisición de contidos é progresiva esta distribución de porcentaxes é apropiada. Considerase que o alumno que aproba a terceira avaliación supera a materia.

Crterios de corrección

Crterios de corrección das probas de comprensión.

Para a cualificación das probas de comprensión oral (*listening*) e comprensión escrita (*reading*) non se terán en conta os erros ortográficos ou de expresión sempre que a resposta sexa comprensible.

Crterios de corrección das probas de expresión oral

Na cualificación das probas de expresión oral terase en conta a pronunciación, a adecuación da resposta, si a resposta do alumno,-a non ten nada que ver coa tarefa non se aplicarán os outros criterios. Ademais valorarase a variedade léxica e de estruturas sintáctico-discursivas

empregadas , a coherencia e a cohesión , a fluidez sen pausas demasiado longas que impidan a comprensión do discurso.

Criterios de corrección da expresión escrita

Para a corrección das probas de expresión escrita (writing) valorarase a adecuación á tarefa requirida (carta, e-mail, entrada de blog, composición), a relevancia do contido e rexistro esixido pola mesma. No caso de que a adecuación sexa nula, é dicir, que a resposta do alumno non teña nada que ver coa tarefa requirida, os demais criterios non serán aplicables.

Asemade terase en conta a coherencia e a cohesión da información e das ideas mantendo a liña discursiva, organizándoa en parágrafos mediante o uso adecuado de conectores discursivos.

Terase en conta a a variedade e a precisión da información, do léxico e das estruturas empregadas así como a corrección gramatical (estruturas verbais e nominais, dominio no uso dos tempos adecuados á tarefa, corrección léxica e ortográfica aínda que pode haber pequenos erros que non impidan a comprensión.

4. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

1. Competencia en comunicación lingüística

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia dun xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita. de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conducta.

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Utilizar os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar información para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión información, datos e argumentacións.

Son parte de esta competencia o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para alcanzar obxectivos baseados en probas.

3. Competencia dixital

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo de información que aumenta día a día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais de comunicación. Esta competencia facilita ao alumnado habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

4. Competencia para aprender a aprender

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rendibilízase ó incluír contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e nena identifiquen como aprenden mellor e que estratexias os fan máis eficaces. Tomando conciencia das capacidades de atención, concentración, memoria, comprensión, expresión lingüística e a motivación do logro.

5. Competencias sociais e cívicas

As linguas non só serven aos falantes para comunicarse socialmente, senón que tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes desta.

Esto favorece a comprensión da realidade social na que se vive, o respecto, o recoñecemento e aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade como as diferenzas.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

As decisións que provoca a reflexión sobre a propia aprendizaxe favorecen a autonomía. Esta competencia obriga a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo, poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar, negociar e traballar en forma cooperativa e flexible. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico.

7. Conciencia e expresións culturais

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen producións lingüísticas con compoñente cultural. Facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.

A relación entre estándares de aprendizaxe e competencias figura no apartado 3.

5. Metodoloxía

A ESO é unha etapa obrigatoria con alumnos que teñen diferentes capacidades, diferentes niveis de competencia comunicativa e diferentes intereses, por iso non propoñemos utilizar un enfoque metodolóxico único e si garantir o equilibrio entre as destrezas de produción oral e comprensión oral sobre todo, aínda que tamén terán unha iniciación á comprensión escrita e á produción escrita. Así as destrezas comunicativas que os alumnos desenvolvan serán produtivas e receptivas.

A metodoloxía empregada será unha metodoloxía comunicativa e activa, centrada fundamentalmente no alumno/a, realizaranse tarefas en parellas ou grupos de traballo que ó mesmo tempo potencien a comunicación e interacción entre os alumnos. Realizaranse unha gama variada de actividades que resulten motivadoras e atractivas para o alumnado. Iniciarase aos alumnos tamén na práctica da lectura utilizando distintas estratexias especificadas nas accións de contribución ao plan lector.

Na ESO buscase afondar dentro dos coñecementos xa adquiridos durante a Educación Primaria. Igualmente, preténdese favorecer as competencias que permitan ao alumnado comprender os procesos que dan lugar aos cambios históricos e a realidade do mundo actual. A metodoloxía focalizarase no desenvolvemento das competencias clave:

- Traballo e actualización dos coñecementos previos.
- Organización e exposición de contidos seguindo unha secuencia lóxica e con rigor científico, con exemplos cotiás, actividades prácticas e soporte gráfico.

5.1. Metodoloxía de traballo no caso de ensino a distancia

5.1.1. Alumnado con acceso dixital

No caso de que sexa necesario continuar co ensino a distancia por mor dun gromo causado pola COVID-19, seguiremos a docencia a través dos cursos creados para tales efectos na aula virtual do instituto nas que xa está matriculado todo o alumnado de 2º da ESO.. Empregaremos a aula virtual como medio de contacto co alumnado para asignar tarefas e que estes as envíen. Poderán empregar tamén, se así o desexan, o correo electrónico para aclaración de dúbidas ou outras consultas. As familias serán informadas preferentemente por medio da aplicación Abalar de calquera aspecto relevante relativo á evolución académica do seu fillo/a.

En canto á organización do traballo, na aula virtual porase o plan de traballo para cada semana. Ademais, para cada unidade didáctica haberá videos ou presentacións dixitais sobre aqueles aspectos que sexan obxecto de estudo xunto con tarefas específicas para practicalos. A súa

vez, aseguraremos a continuación do plan de traballo proposto nesta programación mediante a realización das tarefas do libro de texto e cuaderno na súa versión interactiva, que terán previamente descargada e coñecerán dende o comezo do curso. Esta versión permite ao alumnado facer estas tarefas, proporcionándolles as solucións e ao mesmo tempo as profesoras teñen acceso a este traballo para poder facer as correccións ou aclaracións oportunas.

A realización de exames será presencial sempre e cando sexa posible. De non ser así, faráanse de xeito telemático mediante a aula virtual. Acordarase unha data e hora para a realización da mesma e procurarase vivir a proba empregando a cámara web da aplicación Cisco Webex. Só se mudará a data dunha proba por unha causa médica xustificada.

No caso de que todo un trimestre ou a meirande parte do mesmo teña que facerse a distancia podemos atopar tres escenarios distintos:

a. Que xa se tivera feita algunha proba durante ese trimestre. Nese caso, a nota dese trimestre será o resultado das cualificacións obtidas nesas probas. O 10% correspondente ao traballo de clase será substituído e/ou complementado polas tarefas propostas na aula virtual e no libro dixital.

b. Que non se fixera ningunha proba durante ese trimestre e o alumnado teña acceso a medios dixitais.

Nese caso seguiranse mantendo as mesmas porcentaxes para as distintas partes mediante as probas que se farán a distancia por medio da Aula Virtual e Cisco Webex ou calquera outro medio que indique a Dirección do Centro.

Actividades de lingua	Xuño
Escoita	10 %
Fala	10 %
Lectura	10 %
Escritura	10 %
Uso da Lingua Gramática e Vocabulario	50 %
Traballo Persoal	10 %

c. Que non se fixera ningunha proba durante ese trimestre e o alumnado non teña acceso a medios dixitais.

Aqueles alumnos que non teñen posibilidade de facer probas dixitais por falta de acceso ás novas tecnoloxías serán valorados segundo os seguintes criterios:

Traballo persoal: 60%

Proba oral: 40%

- **Uso da lingua** 20% (Por exemplo, traducción de oracións, preguntas de verdadeiro ou falso ou opción múltiple sobre aspectos léxicos ou gramaticais)
- **Speaking** 10% (Por exemplo, lectura dun texto, monólogo sobre un tema previamente acordado ou proposto pola profesora no momento)
- **Listening** 10% (Por exemplo, dar resposta ás preguntas feitas pola profesora ou sobre un texto reproducido por medios mecánicos ou lido pola profesora)

A tarefa de speaking (fala) farase por medio dunha chamada telefónica e o alumnado será informado previamente do contido da proba que incluírá sempre aqueles aspectos traballados previamente. As distintas partes desta proba poderán facerse nun mesmo día ou en días diferentes.

5.2. Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática

O ideal para seguir a ensinanza telemática sería que o alumnado contase cun ordenador e unha boa conexión a internet xa que empregaremos a Aula Virtual e o libro dixital como plataforma e ferramenta de ensino-aprendizaxe. Con todo, é posible que non todo o alumnado conte con estes medios. De ser o caso, imos diferenciar dúas situacións posibles:

5.2.1. Alumnado con acceso a un teléfono móbil ou tableta con datos

Pode darse o caso de alumnado que non dispoña de ordenador ou unha conexión a internet suficiente para seguir o curso de xeito telemático. Neste suposto, porémonos en contacto con eles por correo electrónico ou teléfono se non dispoñeran de correo electrónico para enviarlles o plan de traballo. Polo que observamos durante o período de confinamento no pasado curso escolar, practicamente todo o alumnado ten un móbil con datos, seu ou dos seus proxenitores ou titores. Isto permitiríanos, en último caso, enviarlles unha mensaxe ou whatsapp aclarando dúbidas ou con explicacións escritas, faladas ou por vídeo. Este alumnado faría o mesmo traballo que os seus compañeiros, pero no seu caderno seguindo as explicacións do libro de texto e as que se lle enviaran por teléfono ou ao correo electrónico. Do mesmo xeito, este alumnado recibirá as tarefas correxidas por estes mesmos medios.

5.2.2. Alumnado sen acceso a un teléfono móbil ou tableta con datos

Poñéndonos no caso de que algún alumno non teña ningún dos medios previamente descritos, empregaríamos as chamadas telefónicas aos pais/titores para informarles do plan de traballo a realizar seguindo as explicacións do libro de texto e farían ese traballo nos seus cadernos. Se falamos dun confinamento parcial, dun grupo ou varios grupos do centro, mais o centro educativo continúa aberto, algún familiar deberá entregar o caderno ao centro ao final da semana de xeito quincenal para a súa corrección e devolución do mesmo despois dun tempo prudencial xa que o material debe estar un par de días en corentena para evitar un posible contaxio por parte da profesora. Deste xeito, teremos información da evolución do alumno e poderemos axudar a planificar as actuacións a seguir para darlle o apoio necesario para que acade os obxectivos propostos.

5.3. Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado

Para o seguimento continuo do curso, as profesoras empregarán a observación diaria na clase rexistrando a actividade dos alumnos nos seus cadernos así como a información recadada no resto de probas. Cando esta observación non sexa posible por estar gardando cuarentena ou confinados por mor dun gromo, o seguimento se fará igualmente co envío de tarefas na aula virtual, a revisión do traballo do alumnado na versión dixital do libro de texto e as mensaxes escritas ou chamadas telefónicas ao alumnado que non dispoña de medios para seguir a actividade a distancia.

6. Medidas de atención á diversidade. programas específicos personalizados para o alumnado repetidor. actividades de reforzo, alumnos coa materia pendente de 1º.

Medidas para alumnos con dificultades puntuais na materia

- Reforzos puntuais a través de explicacións individualizadas durante a clase ou fóra dela.
- Actividades e exercicios adicionais de repaso e consolidación.
- Bibliografía adicional e relación de páxinas web que permitan ós alumnos repasar e afondar nos aspectos máis complexos traballados na aula.
-

Medidas para alumnos con necesidades educativas especiais

- A adaptación de obxectivos, contidos e actividades propostas nas ACS e reforzos educativos.
- Adaptación de tempos e/ou materiais nas probas.

Medidas de atención para o alumnado repetidor

- No caso de alumnos que xa superaron os obxectivos da materia de inglés pero están repetindo por suspender outras materias, se lles proporán actividades de ampliación, lecturas complementarias adaptadas ao seu nivel e tarefas cun maior grado de complexidade, para que poidan seguir mellorando a súa competencia comunicativa.
- Aos demais alumnos repetidores aplicaráselles as mesmas medidas ca ós non repetidores.

Alumnos coa materia pendente de 1º

A profesora que imparte inglés en 2º elabora unha serie de actividades e traballos baseadas nos mínimos esixibles que se lles entregan aos alumnos para realizar trimestralmente e que serán guiadas, avaliadas e corrixidas pola profesora que lles da clase.

A fin de facilitar aos alumnos a superación da materia pendente, e de acordo co establecido na reunión da Comisión de Coordinación pedagóxica a principios do curso pasado, realízanse dous exames parciais e un final. As datas destes exames serán establecidas na reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Tendo en conta que a avaliación é continua, calquera alumno co inglés pendente do curso anterior recuperará a materia superando o inglés do curso no que está matriculado. Os alumnos con Inglés pendente teñen como contidos esixibles a materia do libro *New English in Use 1* da editorial Burlington dada ata a suspensión de clases, desde a unidade *Getting Started* ata a unidade 6, ambas inclusive .

Critérios para a avaliación de alumnado con materias pendentes

Poden recuperar a materia pendente por tres procedementos:

A. Dado que a materia segue estando, aínda que pendente, sometida a avaliación continua, aquel alumno que entregue todos os traballos de reforzo e aprobe a 1º e 2ª avaliación do curso actual se lle considerará aprobada a materia do curso anterior.

B. Aprobando os exames marcados polo centro dentro nos meses de novembro e febreiro e entregando as tarefas propostas pola profesora. En novembro examínanse da metade dos contidos e en febreiro da outra metade. Os exames terán un valor do 80% e as tarefas 20% en cada parte. A media de ambas partes (novembro e febreiro) deberá ser de 5 ou máis para aprobar

a materia.

C. Aquel alumnado que non aprrobe a materia pendente por ningunha das dúas vías previamente descritas, deberá presentarse ao exame oficial de maio nas datas marcadas pola dirección do centro e na que a nota do exame suporá o 100% da cualificación.

Aquel alumnado que non aprobase a materia de 2º para recuperar a de 1º curso deberá presentarse a probas de setembro que constarán dos mesmos contidos que en maio e na que só se terá en conta a nota dos exames.

A valoración das probas será a seguinte:

Actividades de lingua	Maio	Setembro
	%	%
Escoita	10 %	20%
Fala	15 %	10%
Lectura	15 %	20 %
Escritura	15 %	20 %
Uso da Lingua Gramática Vocabulario	35 %	30 %
Traballo Reforzo	10 %	-----

A proba oral de setembro levarase a cabo sempre que esta sexa factible dacordo coa dispoñibilidade de tempo e/ou espazo. De non ser así, a nota do uso da lingua terá un valor do 40%.

Criterios para a avaliación de alumnos pendentes en caso de confinamento

En caso de confinamento a valoración sería a seguinte:

Actividades de lingua	Maio	Setembro
	%	%
Lectura	20 %	20 %
Escritura	20 %	20 %
Uso da Lingua Gramática Vocabulario	40 %	60%
Traballo Reforzo	20 %	-----

7. Educación en valores

A materia de inglés contribuirá á educación en valores do alumnado, fundamentalmente nos seguintes aspectos:

- A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como os que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- A educación na responsabilidade, o mérito e o esforzo individual.
- A motivación do alumnado.
- A educación para a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como para a non violencia en tódolos ámbitos da vida persoal, familiar e social, e especialmente no do acoso escolar.
- Desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero.
- A educación para a paz, o respecto dos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto polos seres vivos e o medio ambiente, en particular, polos espazos forestais e o desenvolvemento sostible.

8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Proceso de ensino	Sí	Non	Precisións
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.			
Consegiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.			
Consegiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.			
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado.			
Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.			
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.			
Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.			
Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.			

Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.			
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.			
Dáse un peso real á observación do traballo na aula.			
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.			

Práctica docente	Sí	Non	Precisións
Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.			
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.			
Elabóranse actividades atendendo á diversidade.			
Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.			
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.			
. Combínase o traballo individual e en equipo.			
Poténcianse estratexias de animación á lectura.			
Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.			
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.			
Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.			
Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.			
Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.			
Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.			
Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.			
Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.			
As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.			
Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...			
Realizaronse tarefas de expresión oral.			
Realizaronse tarefas de expresión escrita.			

Realizaronse tarefas de comprensión oral.			
Realizaronse tarefas de expresión escrita.			

9. *Accións de contribución ao Proxecto lector*

O Departamento dispón de libros de lectura que pretenden fomentar a *lectura expansiva*, é dicir, a lectura que utiliza o texto lido para explorar outras áreas de coñecemento. Deste xeito, pódense traballar aspectos lingüísticos e culturais, pero tamén outros interdisciplinares que permitan expandir os horizontes culturais dos alumnos.

Os obxectivos son desenvolver a competencia lectora do alumnado en lingua inglesa, así como fomentar o hábito da lectura, establecendo unha relación entre os traballos literarios e os contextos de produción e recepción, o desenvolvemento da autonomía lectora e o aprecio da literatura como fonte de pracer sendo capaz de mostrar unha actitude crítica cara a ela.

Dispoñemos en New English in Use 2 de extractos literarios que reproducen tres xéneros diferentes (un fragmento dun libro, un conto ilustrado e un poema), apropiados para a idade e intereses dos alumnos/-as de 2º da ESO.

- Just Like Me

- *Raiders of the Lost Ark* - Twenty Bucks

Cada texto vai acompañado de exercicios de comprensión lectora e unha actividade opcional.

Faremos lectura de información diversa procedente de páxinas web propostas para obter ou ampliar información, investigar e acceder a recursos en liña.

10. *Accións de contribución ao plan TIC.*

O centro dispón de pizarras dixitais nas aulas de 2º da ESO e no Departamento contamos con material para traballar coa pizarra dixital a diferentes niveis. Os alumnos dispoñen de ordenadores nas aulas que lles permiten traballar de maneira autónoma nas súas aulas e no seu domicilio tanto na busca e tratamento da información usando Internet, como realizando presentacións con programas informáticos (Powerpoint, Impress...) ou ferramentas online.

O noso Centro forma parte da Rede Abalar o que implica un cambio moi importante no desenvolvemento da clase de Inglés. O uso das TICS é ante todo un elemento motivador para o alumnado, é outra forma de aprender un idioma, é un novo canal de comunicación e ó mesmo tempo fonte de información.

O uso das TICS pode ser un recurso moi valioso para compensar as diferenzas do alumnado en canto ó uso da lingua estranxeira.

No curso utilizaremos:

- Material específico para Pizarra dixital de New English in Use 2.
- Na páxina web de Burlington Books www.burlingtonbooks.es/englishinuse2 os alumnos/as teñen o apartado Student`s Zone onde se atopan as gravacións en formato mp3 dos textos do *Student`s Book*, así como os exercicios de comprensión oral coas súas transcripcións e os ditados do *Workbook*.
- Programa Malted con unidades didácticas interactivas, atractivas e motivadoras para os alumnos,-as, traballadas a nivel de grupo ou de maneira autónoma para fomentar a autoaprendizaxe respectando o ritmo persoal de cada alumno.
- Acceso online a páxinas interactivas, por exemplo:
www.agendaweb.org www.bbc.co.uk
www.learnenglish.org www.manythings.org
<http://esl-lab.com>
- Recursos dispoñibles no Espazo Abalar.
- Programas para elaborar presentacións interactivas: Powerpoint, Impress.
- Dicionarios online.

11. Accións de contribución ao plan de convivencia

Na aula traballarase na liña de prevención para intentar evitar ou minimizar as actuacións dos alumnos contrarias á normal convivencia do Centro mediante as seguintes accións:

- Garantir un ambiente educativo de respecto mutuo que favoreza o bo desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Inculcar ideas de tolerancia e respecto cara ós demais sen discriminación por razón de sexo, relixión, nacemento garantindo un ambiente educativo de respecto mutuo entre todos os membros da comunidade educativa .
- Prever e tratar as situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- Promover a resolución de conflitos a través do diálogo.
- Comunicar ó titor e á Xefatura de Estudos calquera conduta contraria á convivencia no centro.
- O Departamento elabora unha serie de actividades para que os alumnos poidan realizar na aula de convivencia ou na súa casa si están expulsados temporalmente do centro e serán corrixidas posteriormente.

12. Actividades complementarias e extraescolares

Debido á situación sanitaria este curso non haberá actividades extraescolares.

13. Materiais e recursos didácticos.

Student's Book New English in Use 2 da editorial Burlington

Workbook New English in Use 2 da editorial Burlington

New English in Use Digital Teacher's Resources, que inclúe: *Interactive Whiteboard Materials*, coas versións dixitais, totalmente interactivas, do *Student's Book*, o *Workbook* e o *Language Builder* www.burlingtonbooks.es/eiu2interactive.

Class audio CD.

Material auténtico adaptado ou real (menús, folletos...

En este curso os alumnos non dispoñen de libro en papel por decisión do Equipo directivo.

14. Procedementos para avaliar a propia programación

A programación será revisada ó longo do curso. Un dos puntos que se adoitan tratar nas reunións do Departamento é o seguimento da programación e as posibles modificacións que requira.

Valorarase:

- Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento das clases.
- Existe unha distribución temporal equilibrada.
- Adequase o desenvolvemento das clases coas características do grupo.
- Utilización dunha metodoloxía adecuada que fomente a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/-a.
- Grao de validez dos recursos utilizados na clase.
- Os estándares de aprendizaxe están vinculados aos contidos e criterios de avaliación.
- Resultados académicos e propostas de mellora.